



## ESPECIALISTAS EN TRAUMATOLOXÍA DE TODA GALICIA REUNÍRONSE EN VIGO NO 29º CONGRESO DA SOGACOT

- *Esta convocatoria anual constitúe un encontro de gran transcendencia, xa que permite por en común e xerar sinerxías entre as e os diferentes profesionais que interveñen na cirurxía ortopédica e traumatoloxía*
- *O coñecemento e a aplicación de novas tecnoloxías, un dos aspectos esenciais deste encontro*
- *Os aspectos relacionados coa actividade dos profesionais de Enfermaría neste ámbito tiveron un peso específico salientable neste 29 Congreso*

**Vigo, 19 de xuño de 2024.-** Facultativos e persoal de Enfermaría de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía de Galicia reuníronse este fin de semana en Vigo no 29º Congreso da Sociedade Gallega de Cirugía Ortopédica y Traumatología (SOGACOT), co fin de compartir experiencias e transmitir as últimas novidades no relativo á cirurxía ortopédica e traumatolóxica. Preto de douscentos profesionais participaron neste encontro autonómico que tamén contou coa presenza de especialistas doutras partes de España e Portugal.



*O doutor Manuel Castro Menéndez do Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía do CHUVI  
(foto de Marta G. Brea - Faro de Vigo)*

Neste congreso, que tivo lugar na sede do Circulo de Empresarios de Galicia de Vigo, celebráronse diferentes relatorios, presentacións de póster e seis mesas redondas nos que se abordarán temas como luxacións articulares no membro superior, lesións máis frecuentes en nenas e nenos, optimización da e do paciente en cirurxía ortopédica, lesións ligamentosas de xeonllos ou a aplicación de novas tecnoloxías.



Así mesmo, este encontro tivo un apartado específico e moi completo no relativo ao ámbito de enfermaría traumatolóxica, especialmente no seu papel na cirurxía ortopédica e traumatoloxía e o rol dos profesionais de enfermaría na cirurxía robótica.

### **Obradoiros, debates e conferencia maxistral**

Xunto con esta planificación de relatorios, a organización organizou obradoiros para persoal MIR de simulación de artroscopia (Zimmer) e obradoiros para enfermaría sobre cementación das próteses. Así mesmo, discutíronse casos prácticos co fin de favorecer a transferencia de coñecementos e experiencias entre as, e os, profesionais.

Finalmente, na última xornada do sábado realizouse a conferencia maxistral titulada: *Síndrome del túnel carpiano: historia, mitos y certezas*; a cargo do doutor Carlos Irisarri Castro.

Outra das celebracións que se desenvolveron neste 29º Congreso consistiron na entrega dos premios á mellor comunicación oral e ao mellor póster científico, así como a entrega da *Beca SOGACOT-Dr. Recaredo Álvarez* aos procesos formativos en centros estranxeiros. Este ano, esta beca foi destinada á formación en cirurxía robótica de xeonllo nun dos centros máis prestixiosos de Nova Zelandia.

### **Novas tecnoloxías**

Tal e como explicou o doutor Manuel Castro Menéndez, do Servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía do Complexo Universitario Hospitalario de Vigo e co-director deste 29 Congreso: "Trátase dunha oportunidade excepcional para que os profesionais da saúde en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía actualicemos os nosos coñecementos e poñamos en común as experiencias máis recentes na nosa contorna, sendo un dos aspectos esenciais o que se refire ao emprego de novas tecnoloxías; un aspecto no que a evolución é moi dinámica, sobre todo no campo da cirurxía traumatolóxica no que os avances son continuos e requiren certa especialización e habilidade".